

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 29 de setembro de 2023 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria (MSV) na PO-531, treito PO-310-VG-4.8, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido (clave PO/21/132.06).

Mediante a Resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas do 28 de setembro de 2023 realizouse a aprobación provisional do proxecto de trazado: MSV na PO-531, treito: PO-310-VG-4.8, de clave PO/21/132.06, no municipio de Pontevedra, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado: MSV na PO-531, treito: PO-310-VG-4.8, de clave PO/21/132.06, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.



Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida María Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Pontevedra.

Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento cos obxectivos, a localización e descrición da actuación estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2023

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
MSV na PO-531, treito PO-310-VG-4.8, clave PO/21/132.06

Concello de Pontevedra.

Nº	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI/NIF	Clase solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo (RDL 7/2015)	Exprop. (m²)	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descripción
1	36900A17000161	170	161	Rosa Taboada Cochón	***2607**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	31,91			
2	36900A17000162	170	162	Peregrina Moldes Gómez	---	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	36,04			
3	36900A17000164	170	164	Rosa Taboada Cochón	***2607**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	307,00	72	m²	Viña parra 40×1,80 m
4	36900A17000166	170	166	Luis Miguel García Lareu	***0483**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	378,51			
5	36900A17400694	174	694	Fuerzas Eléctricas del Noroeste, S.A.	A15004229	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	1,96			
6	36900A17400693	174	693	Jorge Nieto Alonso	***7539**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	32,79			
				Vanesa	***1432**							
7	36900A17400692	174	692	Jorge Nieto Alonso	***7539**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	41,23			
				Vanesa Area Blanco	***1432**							
8	36900A17400691	174	691	Jorge Nieto Alonso	***7539**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	68,88	1	ud.	Portal de malla electrosoldada 2,1×1,5 m
				Vanesa Area Blanco	***1432**					2	ud.	Piases de formigón 0,30×0,30×1,8 m
										1	ud.	Muro de bloques 13,4×1,5 m
9	36900A17400690	174	690	Jorge Nieto Alonso	***7539**	Agrario	Solo non urbanizable común	Rural	4,93			
				Vanesa Area Blanco	***1432**							



Nº	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Propietario/s	DNI/NIF	Clase solo (catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo (RDL 7/2015)	Exprop. (m²)	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descripción
10	36900A17400661	174	661	José Fernández Fernández	***0313**	Agrario	Núcleo rural solo non urbanizable	Urbanizado	2,10	1	ud.	Muro de contención de formigón 5,4×1,35 m
										5	m	Peche de malla metálica 1,5 m altura
										1	m	Varanda de ferro pintado 0,80 m altura
11	36900A17400343	174	343	José Carou Barreiro	---	Agrario	Núcleo rural solo non urbanizable	Urbanizado	627,00	1	ud.	Muro de formigón 6,8×1 m de altura
				Josefa María Martínez González	***7006**					47	m	Murete de pedras 0,5 m de altura
				Jorge Carou Álvarez	***4995**					97,20	m²	Viña parra 54×1,80 m
				Purificación de los Ángeles Moldes Carou	***4266**					52	m²	Viña parra 13×4 m
				Lourdes Belén Moldes Carou	***9431**							
				Manuel Carou Barreiro	---							
12	36900A17400353	174	353	En investigación	---	Agrario	Núcleo rural solo non urbanizable/solo non urbanizable común	Urbanizado	674,00	1	ud.	Castaño de diámetro máis de 40 cm

